

Nº exped.	Rede	Univ.	Axuda (€)	Feder (1) (€)	Fondos Comunidade Autónoma (€)
2006/63	Rede universitaria galega de sistemas de información xeográfica	USC	60.000	51.000	9.000
2006/6	Rede de estudo de compostos naturais con poder antioxidante	UVI	60.000	51.000	9.000
2006/95	Rede mathematica consulting & computing de Galicia	USC	60.000	51.000	9.000
2006/124	Rede para deseño e síntese de moléculas e supramoléculas de acción biolóxica programada	USC	60.000	51.000	9.000
2006/38	Rede temática galega de álgebra, computación e aplicacións	USC	60.000	51.000	9.000
2006/26	Rede para o estudo do uso e manexo integrado do solo e auga	UDC	60.000	51.000	9.000
2006/60	Rede galega de investigación sobre cancro colorrectal	UDC	60.000	51.000	9.000
2006/90	Rede galega de biotecnoloxía en acuicultura	USC	60.000	51.000	9.000
2006/23	Rede galega de procesamento da linguaxe e recuperación de información	UVI	60.000	51.000	9.000
Total			720.000	612.000	108.000

(1) Os importes da columna Feder están financiados polo 80% por fondos Feder e o 20% por fondos da comunidade autónoma que cofinancian os fondos europeos.

Segundo.-As solicitudes non incluídas na resolución de concesión de prórroga entenderanse denegadas ou desestimadas.

Terceiro.-Os pagamentos faranse mediante libramento único e directo ás universidades. Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade correspondente expida, na data límite do 31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto xunto cunha memoria explicativa do logro dos obxectivos de consolidación e estruturación do grupo ou rede.

Cuarto.-Os pagamentos realizaranse co cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) 2007-2013, polo que os beneficiarios das axudas deberán cumprir os requisitos de publicidade que establece o artigo 8 do Regulamento 1828/2006, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento 1083/2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo de Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e ao Regulamento 1080/2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como cumprir os requisitos de xustificación que estableza esa mesma normativa.

Quinto.-O incumprimento por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a axuda correspondente.

Sexto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do

26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 7 de marzo de 2008 pola que se conceden prórrogas ás axudas derivadas da Orde do 26 de setembro de 2006 de convocatoria das axudas do Programa de estruturación de unidades de investigación en humanidades e ciencias sociais, en réxime de concorrencia competitiva.

Por Orde do 26 de setembro de 2006 (DOG do 11 de outubro) convocáronse as axudas do Programa de estruturación de unidades de investigación en humanidades e ciencias sociais, en réxime de concorrencia competitiva. Convocatoria que foi resolta por orde desta consellería do 19 de decembro de 2006.

Cumprida a tramitación das prórrogas establecidas no artigo 3º da orde de convocatoria, e atendendo ao informe-proposta elevado pola comisión avaliadora a través da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Concederlles aos seguintes profesores-investigadores do Sistema Universitario de Galicia as axudas que a continuación se relacionan para a estruturación das unidades de investigación, para o exercicio 2008, e na contía que se indica en cada caso.

Nº exped.	Solicitante	Univ.	Axuda 2008 (€)	Feder (1) (€)	Fondos comunidade autónoma (€)
2006/41-0	Brea López, Mª Mercedes	USC	24.375	9.133	15.242
2006/17-0	Caride Gómez, José Antonio	USC	24.375	9.133	15.242
2006/40-0	Carro Fdez.-Valmayor, José Luís	USC	24.375	9.133	15.242
2006/45-0	De Vicente Remesal, Javier	UVI	24.375	9.133	15.242
2006/33-0	Del Río Otero, Coral	UVI	24.375	9.133	15.242
2006/66-0	Del Valle-Inclán Alsina, Fernando	UDC	24.375	9.133	15.242
2006/39-0	Díaz de Cerío Díez, Mercedes	USC	24.375	9.133	15.242
2006/71-0	Díaz Fernández, Fernando	USC	24.375	9.133	15.242
2006/14-0	Fanego Lema, M.ª Teresa	USC	24.375	9.133	15.242
2006/30-0	Fariña Rivera, Francisca	UVI	24.375	9.133	15.242
2006/73-0	Ferrás Sexto, Carlos	USC	24.375	9.133	15.242

Nº exped.	Solicitante	Univ.	Axuda 2008 (€)	Feder (1) (€)	Fondos comunidade autónoma (€)
2006/75-0	Gárate Castro, Javier	USC	24.375	9.133	15.242
2006/13-0	García Quintela, Marco Virgilio	USC	24.375	9.133	15.242
2006/44-0	González Cerdeira, Xulia	UVI	24.375	9.133	15.242
2006/20-0	Iglesias Feijoo, Luís	USC	24.375	9.133	15.242
2006/71-0	Luengo Martín, Mª Angeles	USC	24.375	9.132	15.243
2006/58-0	Millán Calenti, José Carlos	UDC	24.375	9.132	15.243
2006/67-0	Pérez Alberti, Augusto	USC	24.375	9.132	15.243
2006/49-0	Prado Prado, José Carlos	UVI	24.375	9.132	15.243
2006/8-0	Rey Castelao, Ofelia	USC	24.375	9.132	15.243
2006/65-0	Rojó Sánchez, Guillermo	USC	24.375	9.132	15.243
2006/48-0	Ruzicka Kenfel, Veljka	UVI	24.375	9.132	15.243
2006/10-0	Zabalza Beraza, Miguel Ángel	USC	24.375	9.132	15.243
Total			560.625	210.051	350.574

(1) Os importes da columna Feder están financiados no 80% por fondos Feder e no 20% por fondos da Comunidade Autónoma que cofinancian os fondos europeos.

Segundo.-As solicitudes non incluídas na resolución de concesión de prórrogas entenderanse denegadas ou desestimadas.

Terceiro.-Os pagamentos faranse mediante libramento único e directo ás universidades. Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade correspondente expida, na data límite do 31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto acompañada dunha memoria explicativa do logro dos obxectivos de consolidación e estruturación do grupo ou rede.

Cuarto.-Os pagamentos realizaranse co cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) 2007-2013, polo que os beneficiarios das axudas deberán cumprir os requisitos de publicidade que establece artigo 8 do Regulamento 1828/2006, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento 1083/2006, polo que se que establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo de Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e ao Regulamento 1080/2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como cumprir os requisitos de xustificación que estableza esa mesma normativa.

Quinto.-O incumprimento por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a axuda correspondente.

Sexto.-Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 3 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes ao Programa de promoción xeral de investigación do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (Incite) e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

A Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1º establece, como obxectivo xeral, o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo, a citada lei, no seu capítulo II, crea o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica. O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 21 de setembro de 2006 aprobou o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2006-2010 (Incite).

A lei sinala que o plan estará integrado por programas horizontais, xerais e sectoriais. Os tres programas xerais definidos no Incite están dirixidos particularmente á promoción da actividade innovadora do sistema público de I+D+I e dos centros tecnolóxicos, e ao seu aliñamento coas estratexias e obxectivos do Plan galego de I+D+I, ao tempo que incorporan novos conceptos que non teñen cabida noutros programas.

Un dos programas xerais é o Programa de promoción xeral de investigación (PXI) que, desde a base da liberdade de investigación, ten como obxectivo darlle soporte aos aspectos básicos e xerais da actividade de I+D+I e da produción científica como elemento esencial no proceso de xeración de novo coñecemento, apostando polo fomento de todas as áreas científico-tecnolóxicas, priorizando criterios de calidade, e propiciando o ambiente óptimo que posibilite xerar coñecemento a longo prazo sen os condicionamentos do mercado ou dunha produtividade inmediata.